

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES EN DATA 20 DE OUTUBRO DE 2022

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogo do PP presentado por escrito

“Son numerosas as ocasións nas que o grupo municipal Popular se preocupou tanto nas sesións plenarias como en comisións informativas do estado que presentan os nosos camiños, estradas e vías públicas. Nesta ocasión poñemos de manifesto o estado no que se atopa o asfaltado dalgúns lugares da parroquia do Temple, como o contorno do polígono ou a travesía da Igrexa, na que tal como se aprecia nas fotografías que se achegan, cómpre, por seguridade vial, eliminar as fochancas existentes e/ou facer un novo asfaltado.

De aí que, dende o grupo municipal popular se solicite que a concelleira competente adopte as medidas necesarias para eliminar, en aras da seguridade vial, as fochancas existentes na parroquia do Temple, fundamentalmente nos lugares sinalados.”

Intervén a Sra. Pestonit Barreiros e di que está totalmente de acordo; que vaise a reparar e comprobar a zona, por se hai máis fochancas.

“Veciños de Pravio preséntannos as súas queixas polo estado no que se encontra o valado e enreixado que pecha a pista polideportiva existente na parroquia. Tal como se observa nas fotografías que se achegan, a tela metálica está rota por varias partes, mentres que por outra, é o propio valado, algunhas de cuxas pezas están desprendidas e tiradas no chan.

De aí que, dende o grupo municipal popular se interese que a concelleira competente adopte as medidas necesarias para repoñer e reparar, á maior brevidade posible, as deficiencias advertidas no enreixado e valado da pista polideportiva de Pravio.”

Intervén o Sr. Mallo Castro e di que acepta o rogo, e que engade que sempre pretenden ter as pistas polideportivas nas mellores condicións.

A presidencia concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen pregunta se hai algunha data prevista.

O Sr. Mallo Castro intervén e di que se repararon todas as deficiencias que estaban.

“Varias foron as ocasións nas que o grupo municipal Popular se interesou polo estado en que se atopan as árbores existentes no Paseo Marítimo do Temple. Entre elas, os exemplares que están á altura da intersección coa rúa Vicente Risco, respecto das cales xa houbo varios desprendementos.

Nesta ocasión, os veciños do lugar advírtennos a súa inquietude ante o estado en que están os exemplares existentes no citado lugar, próximo a un dos bancos frecuentado polos usuarios do Paseo Marítimo. Inquietude acrecentada nos últimos días nos que, tal como se aprecia nas fotografías que se achegan, se acumularon ramas das citadas árbores (de cuxa saúde se dubida), que poderían ter ocasionado problemas maiores.

De aí que, dende o grupo municipal popular se requira ao concelleiro competente que, tralo informe procedente sobre o estado das citadas árbores, se adopten as medidas necesarias de seguemento e mantemento dos citados exemplares, de xeito que devolva a seguridade aos nosos veciños.”

Intervén a Sra. Parceró Quiñoy e di que acepta o rogo; que se falou con Costas e onte se lles enviou un oficio; que en canto ás ramas que se ven nas fotografías, non foron os servizos municipais nin tampouco Costas, segundo comunican.

O Sr. Abalo Cástex procede á lectura do cuarto rogo, que, redactado en castelán e traducido ao galego di:

“Na cambresa rúa Curros Enríquez no Temple, a rampla que facilita o acceso de peóns á beirarrúa conta cun valado de aceiro con pasamáns que, tal como amosan as fotografías que se achegan, deben haber sufrido o impacto dalgún vehículo como consecuencia da súa cercanía coa Nacional VI.

Á vista do estado en que se atopa o citado valado e por evidentes motivos de seguridade, dende o grupo municipal Popular se requira do concelleiro competente que, á maior brevidade posible, se reparen os desperfectos ocasionados no citado valado.”

A Sra. Pestonit Barreiros intervén e di que o curioso é que o golpe é de dentro para fóra, non de fóra para dentro; que non foi un vehículo, supón que foi unha moto; que avisouse a unha empresa de carpintería metálica para cambialo, dado que non se pode amañar.

“Unha vez máis, os veciños do Temple en xeral e os usuarios da Nacional VI en particular, levamos a sufrir unha vez máis, varias semanas os apagóns dos farois que iluminan a calzada de tan importante vía, ao seu paso pola cambresa parroquia do Temple; a de maior poboación e volume de tráfico rodado do noso municipio.

Problema que xa foi evidenciado polo grupo municipal Popular noutras sesións municipais pero agravado si, como xa advertimos noutras ocasións, os vehículos que entran dende o veciño municipio de Oleiros, contan coas luminarias en perfecto estado de funcionamento e unha vía suficientemente iluminada por farois con luz led, que unha vez entran en Cambre, non funcionan, deixando a escuras aos condutores, co

evidente perigo que isto supón para a seguridade vial; tal como se observa nas fotografías que se achegan.

De aí que, dende o grupo municipal popular se solicite ao concelleiro competente que realice as xestións necesarias para que, á maior brevidade posible, se resolvan co Ministerio de Fomento e a Dirección Xeral de Estradas, os problemas de insuficiente ou nula iluminación por apagón dos farois existentes na Nacional VI ao seu paso polo Temple”.

Continúa o Sr. Abalo Cástex e di que quere poñer en coñecemento que nas últimas dúas semanas tamén lles comunican apagóns; que onte, no centro do Temple estaba todo apagado.

Intervén a Sra. Pestonit Barreiros e manifesta que, en canto ao rogo, cando o recibiron enviaron un correo electrónico a Fomento e ao día de hoxe aínda non recibiron a aviso de recibimento polo que, hoxe enviouse por escrito o rogo, e espera a súa resposta; di que o apagón foi pola tormenta, e que o problema dos apagóns vai quedar solucionado co IDAE nas zonas urbanas.

“De un paseo polos diversos lugares do noso municipio, apréciase a falta de mantemento por noso concello dos sinais indicadores, como o existente no Muíño Vello de Anceis, tal como se aprecia na fotografía que se achega, se non estivera apoiada na árbore situada na súa parte traseira, xa se atoparía no chan.

De aí que, dende o grupo municipal popular se solicite que o concelleiro competente proceda ao axeitado mantemento dos indicadores do noso concello como o existente no Muíño Vello de Anceis”.

A presidencia concede o uso da palabra ao Sr. Boga Moscoso quen di que acepta o rogo; di que o vindeiro mes vaise acometer unha segunda fase de sinalización na que se amañarán os desperfectos.

Rogo de Alternativa dos Veciños presentado por escrito

“Son moitos os veciños e veciñas que nos están a achegar a inquedaanza sobre a obra da beirarrúa de Amil de que non se aproveite a situación para ganar un pouco de largo nos carrís de circulación.

Rogamos que se dea traslado desta petición á administración competente”.

Intervén o Sr. González Leirós e di que acepta o rogo porque apoia a petición xa feita.

Preguntas do PP presentado por escrito

“Veciños da Barcala nos seguen amosando as súas queixas polo deficiente estado de limpeza e mantemento que se observa en distintos lugares da urbanización.

Tal como se aprecia nas fotografías que se achegan, xunto ao mal estado das losetas das beirarrúas, os restollos e malas herbas proliferan nas súas beirarrúas, mentres as humidades seguen a existir na praza Primeiro de Maio da Barcala.

De aí que, dende o grupo municipal popular se pregunte ao concelleiro competente:

1ª.- Estase dando cumprimento aos compromisos adquiridos polo goberno local respecto da limpeza e mantemento das beirarrúas e lugares públicos da Barcala?”

Intervén a Sra. Pestonit Barreiros e di que si e non ao mesmo tempo; que hai restriccións do uso de auga por parte da Xunta de Galicia por mor da seca; que a día de hoxe a restricción, aínda que choveu, permanece e entón non se pode empregar a auga para limpar as beirarrúas.

“2ª.- Cal é a situación existente, a día de hoxe, das humidades advertidas tanto na superficie como nos garaxes da urbanización da Barcala?”

Intervén o Sr. González Leiros e di que, en canto ás superficiais xa o comentou a concelleira; en canto ás humidades dos garaxes, a maioría son problema de impermeabilización dos garaxes.

“3ª.- Recollido o rogo presentado polo grupo municipal popular, no pleno do pasado mes de setembro no que se interesaba que polo goberno local se adoptaran as medidas necesarias para resolver definitivamente o problema da ocupación do dominio público sine die por andamios (con modificación da normativa municipal incluída, se fora necesario); dende o grupo municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente que medidas se adoptaron no último mes ao respecto.”

O Sr. González Leirós intervén e di que acepta o rogo e que as medidas son conseguir retirar os andamios, fóron baixándose cando se ía reparando a fachada e isto se conseguiu.”

“4ª.- Nas pasadas comisións informativas do mes de setembro, o grupo municipal Popular alertou da proliferación de ratas no parque Ramón Barba e no Paseo Marítimo do Temple mediante un rogo oral do seguinte teor literal:

‘Veciños da parroquia do Temple alertan da existencia de ratas de gran tamaño tanto no parque Ramón Barba como no Paseo Marítimo. Problema que xa foi advertido hai meses e que se nos contestou, fora puntual e erradicado. A pesar do cal os veciños reiteran as súas queixas, agora agudizadas polo maior número de exemplares e o tamaño delas.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se solicite que tras informar sobre o asunto se proceda, á maior brevidade posible, á desratización da parroquia do Temple, fundamentalmente do parque Ramón Barba e o Paseo Marítimo.’

Rogo que foi recollido pola concelleira de Seguridade Cidadá e Servizos, quen evidenciou o enorme problema existente debido ao gran tamaño e elevado número de exemplares, sen éxito da desratización que se está levando a cabo e a súa orixe nas obras de dragado da ría do Burgo.

Admitido o rogo pola concelleira competente e asumido polo presidente accidental a necesidade de adoptar medidas e advertir á poboación do risco existente; dende o grupo municipal Popular solicítase información sobre as xestións levadas a cabo en ambos asuntos: as medidas de desratización e a información aos nosos veciños.”

A Sra. Pestonit Barreiros contesta dicindo que lle sorprende dado que Sanal en agosto e setembro realizou unha desratización exhaustiva e segue a facer seguementos; que non se volveron a ver máis exemplares de rata dende hai 25 días.

“5ª.- Nas comisións informativas do mes de setembro puxeron en coñecemento da Corporación e fundamentalmente da Concellería de Urbanismo e Obras, o estado en que se atopaba o desnivel, con risco de desprendemento, existente na praza Casares Quiroga da urbanización A Barcala. Risco que se pode

observar claramente nas fotografías que se achegan; centrado non soamente na terraza e terraplén senón tamén no farol encravado na citada terraza onde se aprecia unha inclinación igualmente alarmante.

Advertido o problema e aceptado o rogo, dende o grupo municipal Popular pregúntase cales son as xestións que se realizaron neste último mes para mellorar os problemas advertidos.”

O Sr. González Leirós contesta dicindo que se fixo unha cata e, en principio, non é un problema de urxencia nin emerxencia; que a brigada agora mesmo está colapsada, polo que farase polos procedementos ordinarios, redactarase unha memoria valorada e realizarase mediante contratación; que non é inmediato, xa que levará un mes ou mes e medio, porque non hai urxencia.

“6ª.- Varias foron as ocasións nas que o grupo municipal Popular se interesou, en comisións informativas, pola seguridade no noso municipio. Entre elas, as relacionadas coas carreiras de coches a alta velocidade apreciadas en distintos puntos do noso municipio. Feitos que foron sistematicamente negados polo goberno local, co alcalde á cabeza.

Negación que choca coa intervención, a finais do pasado mes de setembro, da Policía local de Cambre, co apoio de Garda Civil, na paralización de carreiras ilegais de coches no lugar de Galiñeiros, en Cecebre; que deu lugar á tramitación non soamente de varias denuncias administrativas de tráfico, senón tamén á instrución de dilixencias previas pola presunta comisión de, cando menos, un delito contra a seguridade do tráfico por condución temeraria, con risco de atropelo aos nosos axentes incluído.

Negación que, igualmente, choca coas manifestacións da concelleira de Movemento Asociativo, para quen a celebración destas carreiras ilegais foi un dos temas tratados nos encontros con diferentes representantes do tecido asociativo, xa que varias ‘asociacións nos comunicaron a súa preocupación por estes feitos’ ao que se informou que a Policía local xa estaba centrando esforzos en evitar este tipo de comportamentos temerarios.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se pregunte á concelleira competente en materia de seguridade cidadá, cal é a situación real das carreiras ilegais de coches que se están a realizar en Cambre dende hai meses e que vimos denunciando sistematicamente.”

A Sra. Pestonit Barreiros intervén e di que hai varios factores; primeiro, estas vías non son de titularidade municipal; segundo, a intervención nesa estrada da Deputación se fixeron varias denuncias por esas infraccións e non se volveu a ter ningún aviso máis por parte da Policía local e do posto da Garda Civil de Cambre de que se estiveran a facer máis carreiras ilegais. Engade que as carreiras se iniciaban noutro concello, pasaban polo termo municipal de Cambre e remataban noutro concello; que aquí non hai o problema de carreiras ilegais.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1ª.- Coa aprobación definitiva do SAU-RD1 A Barcala por parte da Xunta gustaríalle preguntar, a día de hoxe, que solucións reais hai en marcha para o problema do tráfico que acontece con esta actuación.”

O Sr. González Leirós intervén e di que o problema de tráfico o ten que resolver quen ten a competencia para iso.

“2ª.- En pasadas comisións informativas o alcalde comunicou a noticia dun posible ataque de lobo en Andeiro. Pregunta se hai coñecemento dalgún ataque máis.”

A Sra. Parcero Quiñoy intervén e di que si se ten coñecemento dalgún ataque máis.

“3ª.- Sen novidades do PXOM, pregunta en que punto do proceso se atopa.

O Sr. González Leirós contesta dicindo que están a traballar nisto e cre que moi pronto se notificará para ver este tema, ter unas charlas co equipo redactor e explicalo proximamente.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogo de Alternativa dos Veciños presentado por escrito

“1º.- Sobre a situación advertida por un informe de secretaría respecto da situación de informes asinados polo arquitecto interino e non o titular. Rogan que se dea traslado aos grupos da oposición de expedientes que se atopen na mesma situación que a advertida no citado informe.”

A Sra. Pan Lesta contesta dicindo que lle solicitou a relación ao xefe da área de Urbanismo e que en canto a teña se lle facilitará.

“2º.- Na páxina web pódese ver un apartado de ‘ofertas de emprego’ da bolsa de emprego municipal, información que lles parece moi relevante para a veciñanza, pero que ven que non se lle dá moita publicidade en redes sociais, e na web é difícil chegar se non coñeces da súa existencia. Motivo polo cal rogan que se difunda tamén en redes sociais as actualizacións da bolsa de emprego municipal con certa periodicidade, ben sexa semanal, quincenal ou mensualmente.”

O Sr. Alcantarilla Rei intervén e di que a bolsa municipal de emprego se realiza entre as persoas demandantes que están inscritas e o xestionan principalmente con dous sistemas: enquisas e publicación de ofertas; di que se algunha persoa non aparece nas sondaxes, por non cumprir os requisitos nun momento e despois si os cumpren pode entrar na oferta, sempre que cumpran os requisitos; que todas as persoas inscritas na bolsa municipal coñecen e están informadas das ofertas da web; que o fan así porque aínda que o concello non é unha empresa de colocación, con este servizo preténdese dar un servizo de calidade ás empresas. Remata dicindo que acepta o rogo e pensa que é máis importante tamén publicitar a existencia das bolsas de emprego.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“Tendo efectuadas nas comisións informativas do pasado mes de setembro cinco preguntas escritas que (s.e.u.o) non foron contestadas, nin oralmente nin por escrito (como se lles dixo), as volven reiterar nestas comisións informativas do mes de outubro, co seguinte teor literal:

Transcorreron varios meses dende que os veciños da urbanización da Barcala viron como se pechaba o último caixeiro automático existente na urbanización e os veciños do Temple como pechaba a sucursal dunha entidade bancaria. Meses sen que saibamos cales foron as xestións levadas a cabo polo alcalde de Cambre para que, cando menos, os veciños da Barcala teñan servizo bancario, aínda que sexa a través dun novo caixeiro automático.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se solicita que o Sr. alcalde informe respecto de:

1ª.- Que xestións se levaron a cabo polo alcalde de Cambre nos últimos meses para que a urbanización A Barcala volva a contar con servizos bancarios semellantes aos desmantelados?

2ª.- Con quen e de que entidades financeiras se contactou coa citada finalidade?

3ª.- Que propostas ou alternativas se ofreceron por parte do noso concello?

No suposto de ter avances nas citadas negociacións:

4ª.- Que calendarios se manexan?

5ª.- Que servizos se comprometen a prestar as entidades financeiras?”

O Sr. alcalde intervén e pide desculpas porque non lle chegaron estes rogos porque non estivo presente nesas comisións; que de tódolos xeitos os contesta agora e logo os entregará tamén por escrito.

Di que en xullo de 2021 mantivo ata tres encontros co director da oficina de ABanca en Cambre; que a entidade xustificou a retirada do caixeiro da Barcala pola pouca actividade que tiña así como que pola existencia doutros caixeiros da entidade nas proximidades de urbanización; que a Alcaldía solicitou estes datos e a entidade se negou a presentalos e a repoñer o caixeiro.

Continúa dicindo que no mes de setembro de 2021 solicitou á concellería de Economía e Facenda que o persoal técnico estudase as repercusións que tería retirar os fondos municipais de ABanca, co fin de presionala; que mantivo un encontro no mes de xaneiro de 2022 con Correos e Telégrafos onde se estudou a posibilidade de que fose este quen se encargase de instalar un caixeiro automático na Barcala así como tamén se estudou a posibilidade de trasladar a oficina de Correos do Temple a unha nova localización máis accesible, encontro que rematou favorablemente con acordo de ambas partes e se determinou iniciar os trámites administrativos para instalar o caixeiro na Barcala.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1ª.- Canta veciñanza de Cambre foi xa beneficiada polo convenio asinado con Profand?”

O Sr. Alcantarilla Rei intervén e di que se sondeou a 141 persoas e se enviaron a 56 persoas ao día da data.

A Sra. Sánchez Vieites pregunta se esas 56 persoas xa están a traballar, ao que contesta o Sr. Alcantarilla Rei dicindo que si.

“2ª.- Cantas e cales das iniciativas presentadas pola veciñanza na pasada edición do decidámolo xuntos foron xa executadas?”

A Sra. Pan Lesta intervén e di que respecto da área canina do Temple está o proxecto redactado e se está a tramitar para presentar en contratación os pregos; que o punto de mantemento de bicicletas, está xa executado, o único que falta é instalalo; que o aparcadoiro de bicicletas, está en tramitación e se están a estudar varias opcións e presentalo en contratación en breve; que verbo da mellora do pavimento do paseo do Temple, se redactou o proxecto e se inclúe no POS 2022; que o arranxo da iluminación da pista polideportiva do Temple está redactado o proxecto e se inclúe no POS 2022.

Continúa a Sra. Pan Lesta a súa intervención e di que respecto da zona da área recreativa do río Mero se acordou externalizar o proxecto; que verbo do arranxo e mellora da pista da Balastreira, está o proxecto redactado e se inclúe no POS 2022; as fontes de agua estáse a estudar; que en canto á mellora do anfiteatro, está redactado o proxecto e están redactados os pregos para presentar en contratación.

O Sr. alcalde intervén e di que estas propostas son as finalistas, outras non finalistas foron atendidas nunha grande maioría.

“3ª.- Cal é a situación actual do proceso xudicial respecto da cobertura do posto de inspector-xefe da policía local de Cambre?”

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Preguntas do PP presentadas por escrito

“O pasado sábado 15 de outubro, no pavillón de deportes dos Campóns xogábase o primeiro partido da temporada da liga de hóckey prata feminina. E di ‘xogábase’ porque o citado partido se tivo que trasladar dende o noso municipio ata A Coruña, á vista das tremendas pingueiras que provocaron que a pista polideportiva se inundase e fixera impracticable a práctica de calquera deporte non acuático. Todo isto tras ser informada toda a corporación, polo concelleiro de Deportes, que os problemas de humidades existentes no citado pavillón xa estaban solucionadas.

Á vista de que unha vez máis, o goberno local faltou á verdade, dende o grupo municipal Popular se pregunta ao concelleiro de Deportes:

1ª.- Que ocorreu o sábado 15 no pavillón dos Campóns?.”

2ª.- Unha vez desbotada a posibilidade de xogar o partido nos Campóns, que intervención tiveron os servizos do noso concello para buscar alternativas para que o partido se puidera xogar?.”

3ª.- Non é certo que estes problemas xa foran advertidos pola oposición municipal hai meses, e o concelleiro de Deportes, tras minimizar o problema, informou de que estaba solucionado?.”

O Sr. Mallo Castro intervén e di que respecto da primeira pregunta o que aconteceu foi que se trasladou o partido de hóckey da polideportiva dos Campóns a Elviña 2, na Coruña por mor da presenza de agua na pista.

Di que, respecto da segunda pregunta, a pasada tempada o Concello de Cambre e o Club Hóckey Cambre acordaron que se acontecía algo semellante se trasladarían os partidos á Coruña por proximidade xeográfica. Di que este acordo o hai que revisar porque houbo un cambio de directiva no club.

En canto a terceira pregunta, o Sr. Mallo Castro di que efectivamente tiñan sido advertidos pola oposición; que antes xa eran coñecidos pola concellería de Deportes e xa se están a arrastrar dende a remodelación da cuberta, e que están buscando solucións.

“4ª.- Á vista do informe da Secretaría municipal de data 28 de xullo de 2022, en relación coas competencias municipais para a prestación do servizo de atención temperá; dende o grupo municipal Popular se pregunta de quen partíu a orde de asunción de prestación do servizo de atención temperá por noso municipio, así como a súa prórroga.”

O Sr. Gutiérrez Nieto intervén e di que a orde foi súa, da concellería de Sanidade.

“5ª.- Veciños e usuarios da Despensa municipal reiteran as súas queixas sobre o funcionamento deste servizo que segundo manifestan, vai de mal a peor co transcurso do tempo.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se pregunte á concelleira competente cal é a situación actual da Despensa municipal que está xeneralizando as queixas sobre o seu funcionamento”.

A Sra. Sanguñedo Álvarez intervén e di que no departamento de Servizos Sociais non hai queixas e tamén preguntou a Cruz Vermella e tampouco ten queixas ao respecto.

“6ª.- Así mesmo, existen queixas sobre a organización e prestación do voluntariado en Cambre.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se pregunte á concelleira competente sobre a situación actual do voluntariado cuxo servizo está a ser posto en dúbida.”

A Sra. Sanguñedo Álvarez intervén e pregúntalle a que voluntariado se refire; engade que o voluntariado social non está baixo o control do Concello; que hai varias entidades que teñen voluntariado; que dende Servizos Sociais teñen a obriga de intermediar entre o veciño e esas entidades. Continúa a dicir que se hai queixas ou ben as remiten á entidade correspondente ou o comunican a Servizos Sociais e lle dan traslado á entidade correspondente.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1ª.- Que medidas se van tomar fronte ás deficiencias detectadas esta fin de semana no pavillón dos Campóns?”

O Sr. Mallo Castro intervén e di que se lle comunicou ao equipo de hóckey e están a buscar solucións alternativas.

“2ª.- Dende a inauguración do pavillón polideportivo de Anceis que actividades foron realizadas nel?”.

O Sr. Mallo Castro intervén e di que dende a súa apertura, semanalmente ten programadas actividades dunha asociación e de dous clubs deportivos a data do día de hoxe.